

ESPECIAL
OBRAS!

O BARRIO

BOLETÍN INFORMATIVO PARA A VECIÑANZA DE CANIDO



EQUIPO DE REDACCIÓN

Rafael Aguirrebengoa Esnaola
Antonio Casal Velázquez
Guillermo Castro Peccis
Celia Fernández Alvariño
Maica R. Freire
Francisco L. Laxe

O BARRIO - ISSN 3045-4476

O ano 2026 e 2027 traerán ao barrio unha transformación pola que a veciñanza leva moito pelexando. Xa dende o anterior mandato municipal, a loita veciñal foi un tractor para lograr proxectos moi necesarios; loita que tivo momentos para a lembranza como cando a veciñanza persoouse no Concello para reclamar a inclusión nos presupostos de 2025 os proxectos comprometidos e que foran inicialmente obviados.

Proxectos que melloran a mobilidade peonil e a motor, os proxectos para a remodelación da zona da Tafona, o estacionamento e mellora de beirarrúas na zona Lili-Muíño do Vento, ou a mellora das inefables beirarrúas onduladas de Pérez Parallé, pasando pola comunicación coa zona centro con mecanismos automáticos (elevador e pasarelas automáticas).

Ademais, achégase a construción dun novo barrio no Sánchez Aguilera, cuxo enfoque será crucial para Canido, e sen esquecer que formamos parte dun cinto verde que osixena a saúde da cidade, que queremos conservar.


Este mes, en O Barrio, detallamos todo o que está por vir.

OS PROXECTOS QUE AGARDAMOS

REFORMA DO TRAMO FINAL DE POETA PÉREZ PARALLÉ


Moi pelexada pola veciñanza, esta intervención xa ten proxecto redactado e está case a punto para comezar a executarse. A obra inclúe:

- Novas beirarrúas ampliadas, con pavimento podotáctil (facilita o tránsito a persoas con discapacidade visual).
- Creación de novas zonas verdes evitando que o crecemento das raíces das árbores poida xerar problemas no futuro; e respectando as árbores de 40 anos actuais.
- Renovación de faroles con iluminación en dous sentidos.
- Repavimentación e repintado do asfalto.
- Nova marquesiña de autobús .



NOVA ZONA DE APARCADOIRO EN LIÍ / MUÍÑO DO VENTO

Dado que a reforma de Poeta Pérez Parallé, vai reducir o número de prazas de aparcadoiro, a Intrabarral propuxo ao Concello unha urbanización da lameira que está tras os bloques de Santa Cruz para habilitalo como zona de parking, Así como un retranqueado do muro da parcela e mellora da case inexistente beirarrúa da zona de Muíño do Vento.



REURBANIZACIÓN DA TAFONA CON MUÍÑO DO VENTO

O derrubo da emblemática “tortillería” da Praza da Tafona é un proxecto da actual corporación municipal. A actuación mellorará o tránsito da zona. Recollendo a sensibilidade da veciñanza, pedíuse ao Concello que o proxecto, aínda por redactar, contemple unha lembranza á fachada do edificio en forma de homenaxe, como algunha sinalización ou intervención artística.



MOBILIDADE MECANIZADA PARA CONEXIÓN COA ZONA CENTRO

Unha das demandas máis populares no barrio alto é a instalación de elevadores, escaleiras mecánicas e pasarelas que faciliten a mobilidade e o traballo arduo que supón “subir do centro” a Canido a persoas maiores ou con mobilidade reducida. Estes proxectos están aínda sen redactar, mentres o Concello tenta resolver cuestións urbanísticas para poder desenvolverlos.



SKATE PARK E O COIDADADO DO MEMORIAL NO PARQUE ANTÓN VARELA

O anunciado parque de patinaxe para o Parque Antón Varela debe recoller as demandas dos colectivos promotores así como afrontar a actuación para dotar ao parque dos elementos que dignifiquen a zona do Memorial ás vítimas do franquismo, máis obrigado aínda agora que Ferrol foi nomeada Cidade de Historia Democrática. Para isto, compre unha redacción de proxecto que fomente os usos de forma compatible. Actualmente está pendente de licitación.



RENOVACIÓN DE PAVIMENTO NAS CALZADAS



O Concello ten previstas actuacións de pavimentado de rúas con aglomerado asfáltico. A insistencia veciñal conseguiu que varias zonas de Canido fosen incluídas. A zona das casa de Larlasa, que presentan graves deficiencias e ondulaciones, así como fochancas intransitables, Muíño do Vento e o tramo final de Alonso López, a rúa Coruña e Navegantes, Marola e un tramo de Celso Emilio Ferreiro, Terra e Concepción Arenal, son as que van a ver o seu pavimento reparado neste 2026, previsiblemente.

ROTEIRO DE FOCHANCAS

Os colectivos do barrio levan realizando accións durante este inverno para denunciar o estado das nosas rúas. As imaxes como á da dereita, que non son reais, e están realizadas mediante Intelixencia Artificial, viralizáronse xa que esa divertida hipérbole servía para denunciar algo nada esaxerado: que as nosas calzadas son un perigo para vehículos e peóns. Estas accións complementanse cos “roteiros de fochancas” para “visitar” os baches a modo sarcástico/reinvidicativo e tamén con reunións coa Concellería de Urbanismo.



RE-URBANIZACIÓN DE DOUTOR FLEMING

As leiras que se atopan ao final de Doutor Fleming, accesibles tamén dende un estreito corredor de Alonso López, constitúen unha obra pendente. No seu momento tivo a pega de que o proxecto reducía o espazo de estacionamento. Por iso é importante que se aborde conxuntamente con outras actuacións e que no conxunto se mellore a circulación de peóns e vehículos, sen perder prazas de estacionamento. Este proxecto, que vén dende o tempo de Ángel Mato como alcalde, foi aprobado en xunta de goberno, saíu a licitación e debería ser unha realidade neste segundo período do mandato da corporación municipal.

UN NOVO BARRIO VECIÑO, O SÁNCHEZ AGUILERA

En xaneiro, o Concello publicou o proxecto para o novo barrio. As alegacións da Intrabarral ao mesmo van na liña de garantir que a zona inclúa os equipamentos necesarios, mellore a calidade de vida da zona e protexa o comercio local. Son, entre outras:

- Considerar que un dos usos dotacionais sexa un centro de saúde, desafogando o Fontela Maristani.
- Conservar o antigo cine para usos culturais (locais de ensaio, centro cívico...)
- Baixos comerciais como alternativa a un centro comercial.
- Un pavillón deportivo no amplo espazo que agora se proxecta para o centro comercial.
- A zona verde non chega ao 10%; un novo barrio debe contemplar zonas verdes porque son un elemento clave para a saúde, a calidade de vida e o equilibrio térmico da zona.



Ferrolterra Antiga presenta alegacións ao Plan de Urbanización do Sánchez Aguilera

O parque canino non está ben situado xunto ao Baluarte do Infante

O proxecto sitúa un parque canino na contorna inmediata do Baluarte do Infante, e usa o propio monumento como peche perimetral, adosándosele ademais un valado. Todo isto vulnera a protección do que este ben patrimonial debe gozar e supón un serio perigo de degradación, dificultando a súa visualización e interpretación.

As zonas deportivas situadas xunto ao Baluarte desvirtúan o valor monumental

O proxecto satura a contorna Norte do baluarte con equipamentos deportivos e de lecer, eliminando a necesaria "zona de respecto". O Plan Nacional de Arquitectura Defensiva establece que a contorna inmediata é "parte consustancial do ben". A proximidade das pistas proxectadas impide a lectura do baluarte como arquitectura defensiva, quedando este relegado a un segundo plano visual.


Ademais, a ausencia de redes de protección de gran altura na pista multideportiva supón un risco constante de impacto de balóns contra o paramento histórico. Como sinala o experto J.A. Rodríguez Villasante (2019) ao respecto do Baluarte do Infante, o glacis debe recuperarse con "total diafanidade" para facilitar a visión total do reducto, obxectivo que este proxecto imposibilita mediante a "barreira" de equipamentos propostos.

Risco de perda de patrimonio arqueolóxico

En agosto de 2025 procedeu a contratación de sondaxes arqueolóxicas valorativas para esta contorna. Porén, o proxecto de urbanización foi publicado e sometido a exposición pública en xaneiro de 2026 sen que ditas sondaxes fosen realizadas e os resultados integrados no deseño final. Non resulta admisible que o Proxecto de Urbanización prevexa un estudo en detalle e reordenación de volumes e infraestruturas sobre un terreo onde o propio Concello determinou que era necesario realizar catas previas para avaliar a existencia de restos arqueolóxicos.



PLANO HISTÓRICO DO BALUARTE, FOSO E GLACIS



Por todo iso, Ferrolterra Antiga propón:

- O traslado do parque canino fóra da contorna de protección do Baluarte do Infante, por ser un uso degradante e incompatible coa súa conservación.
- A reubicación dos equipamentos deportivos para garantir unha franxa diáfana que permita a correcta visualización e interpretación do monumento.
- A incorporación de medidas de posta en valor, incluíndo iluminación ornamental non invasiva e sinalética interpretativa profesional.
- A realización dunha campaña arqueolóxica previa e extensiva no ámbito do Reducto de San Carlos, supeditando o deseño final á integración e musealización dos restos achados, coa posibilidade de crear un espazo interpretativo que integren tamén o Baluarte do Infante e o de Santiago (Canido).

Cheira a Entroido, a tempo de máscaras. Aínda que vivimos en tempos nos que o disfrace e a máscara están presentes continuamente nas nosas vidas, dispoñémonos a celebrar un dos ciclos festivos máis curiosos e, antropoloxicamente, máis significativos. Nestas datas manifestamos **unha visión crítica da realidade na que vivimos**. Isto tamén é un exemplo de como “normalizar” visións críticas e metabolizalas, dentro dunha estrutura social que moitas veces actúa como opresora.

No Entroido as máscaras son explícitas, teñen un punto de artificiosidade que as fan tolerables e, se queremos prepararnos para a participación na catarse colectiva sen caer no ridículo ou nas sospeitas de tolemia, vémonos na obriga de indagar as datas nas que se celebra. **As rúas pasan a ser espazo de interpretación pública de personaxes con inversión de roles, críticas máis ou menos aceiradas e exercicio colectivo do sentido da festa.**

As datas de celebración varían cada ano e están relacionadas co tempo astronómico e co tempo relixioso. A razón que soe esgrimirse para asignar as datas, adoita ser que se establecen en función da Semana Santa. É dicir, o calendario do Entroido está intimamente vencellado ao calendario litúrxico. O día de referencia é o Domingo de Pascua e, con respecto ao Entroido, o mércores de cinza. Pero isto non nos dá unha resposta íntegra xa que, existindo unha grande cantidade de festividades establecidas con carácter fixo no calendario, o Entroido, ou a Semana Santa, da que parece depender, se presentan con carácter variable. Cando se celebra o Domingo de Pascua? A resposta é que se celebra no primeiro domingo despois da primeira lúa chea posterior ao equinoccio da primavera. **O tempo astronómico ao fondo de todo.**



Os equinoccios son os momentos astronómicos nos que os días e as noites teñen (case) a mesma duración debido a que o Sol está máis próximo á liña do Ecuador. Nos solsticios celébranse os ciclos festivos do verán e do inverno. Nos equinoccios os ciclos do Entroido e o Outono. Este ano o equinoccio de primavera ocorre o **20 de marzo**, a primeira lúa chea a partir desa data é a do 2 de abril, e se descontamos 40 días desde esa data, chegamos ao **22 de febreiro**. Así, o mércores de cinza será o 18 de febreiro e o martes de entroido, día grande, o 17. O calendario de entroido recolle diferentes xornadas festivas que varían segundo as zonas. En Verín, por exemplo van desde o 5 de febreiro, xoves de compadres, ata o 17 dese mes, martes de entroido.

Noutras localidades esténdese por un día máis para celebrar o “enterro da sardiña” o mércores de cinza. Tamén existen personaxes específicos en moitas localidades. En Ferrol **é tempo de fundas de traballo recollendo e adaptando a tradición á historia industrial da cidade**. E en todos os sitios deberían servir para **arrincar as máscaras coas que a cotío se presenta ante nós o poder económico e institucional e defender a prevalencia de valores como a hospitalidade e os coidados mutuos** sobre aqueles outros que xiran en torno ao individualismo e a capacidade económica de cada quen. E todo iso sen esquecer a festa e a súa gastronomía. **Non vos esquezades do cocido de Entroido!**

O COMERCIO LOCAL ANTE O PROXECTO DE URBANIZACIÓN NO SÁNCHEZ AGUILERA

Recentemente, hostaleiros, comerciantes e profesionais do barrio vimos de recibir a nova do desenvolvemento do plan de remodelación urbana do antigo cuartel Sánchez Aguilera. Unha das obras máis relevantes e preocupantes e **a posible construción dun centro comercial** na parcela.

Entre os aspectos positivos, destaca o incremento de afluencia de persoas; un centro comercial atraería novos visitantes e podería actuar como dinamizador da zona. Este maior movemento podería ser beneficioso se logramos diferenciarnos, ofrecer un produto especializado e un trato próximo que complementen ao novo centro.

Nos aspectos negativos:

- **perda de clientela local** pola concentración de tendas nun lugar específico, reducindo o fluxo cara aos establecementos tradicionais;
- **homoxeneización da oferta**, pois os centros comerciais repiten as mesmas marcas en distintas cidades;
- cambio nos hábitos de consumo: foméntanse **compras rápidas** e estandarizadas fronte ás **personalizadas e de confianza** do comercio local, debilitando a relación comerciante-cliente cultivada durante anos.
- **Menor visibilidade do comercio de rúa**, afectación ao tecido social e urbano do barrio, **reducindo a vida nas rúas**, a proximidade veciñal e o papel do comercio local como elemento de **cohesión comunitaria** así coma o aumento dos prezos dos alugueiros, asumibles só por grandes marcas.

Debemos recordar o exemplo do centro comercial do Inferniño, dos anos noventa, que parece non ter despegado; a súa contorna evidencia que non beneficiou moito ao barrio. A posible chegada dun centro comercial non debe ocultar que o pequeno comercio é un pilar económico, social e cultural indiscutible. Calquera medida debe recoñecer e reforzar este papel, non debilitalo.

Débese recoñecer o comercio local como valor diferencial da cidade, xa que representa a diversidade, a identidade do barrio e o trato humano.

Consideramos que é unha oportunidade para esixir medidas de protección, con políticas claras de apoio ao comercio local, como incentivos fiscais, axudas á modernización, control de alugueiros dos locais comerciais e plans de dinamización específicos. O pequeno comercio non só vende produtos, tamén xera emprego estable, coida o espazo urbano e mantén vivas as nosas rúas. A posible chegada dun centro comercial obriga a poñer ese impacto no centro do debate público e a esixir que se teña en conta na planificación urbana. **É fundamental o fortalecemento da unión entre comerciantes para organizarnos, cooperar e ter unha voz común que permita propoñer solucións e defender intereses colectivos.**

Tamén é esencial poder participar nas decisións que afecten ao barrio, nos procesos de planificación e toma de decisións. Non somos un elemento secundario no desenvolvemento urbano, senón axentes económicos e sociais lexitimados para propoñer alternativas. Podemos tomar como exemplo Pontevedra, onde non se permiten centros comerciais no casco urbano, aínda que o goberno da nosa cidade parece tender a un modelo mixto.

RUDA barrio e deseño

Do mar ao barrio:

Ruda naceu en 2021 tras anos de viaxe e de traballo ligado ao mar, onde o oficio, a paciencia e o saber facer forman parte do día a día.



De volta ao barrio, esa experiencia tradúcese nunha tenda de artesanía e deseño comprometida co comercio local. Traballamos con **creadoras de proximidade** e apostamos por unha **economía consciente, ética e circular**; porque mercar preto é unha maneira de coidar ás persoas que crean, ao barrio e a súa comunidade e de construír cidades máis humanas.

En Ruda tamén hai **creación propia**: macramés feitos a partir de nós mariñeiros, transformados en pezas actuais, e obradoiros onde o oficio se comparte con calma. Artesanía con historia, feita aquí e con sentido. **Con barrio e deseño**

Atopamos esta marabillosa tenda en Instagram **@ruda.tenda** e na **praza do Cruceiro de Canido**

O CLAVEL 2.0

O Clavel 2.0 é unha taberna situada en Canido, en Ferrol. Atópase na Praza do Cruceiro e é un **punto de encontro social**.

Ten ambiente animado e aberto, ofrece tapas e bebidas variadas, conta con **terraza na praza** e é moi frecuentado tanto pola veciñanza como por visitantes.

Organiza sesións de **vermú**, hai **tardeo** con música e, ás veces, concertos informais.

O seu ambiente é festivo e próximo favorece a vida comunitaria, acollen eventos **gastronómicos** como concursos de tortas. É un local moi querido que representa o espírito do barrio e promove a convivencia social. En definitiva, é máis que un simple bar!

